

# SUMARIO

Editorial	px.	2
Portadas do Besbello	px..	3
<b>COUSAS DO MUNDO</b>		
Entrevista	px.	4
O terrible balance tras o tsunami	px.	7
"Bonjour, guten Tag, ola, hello"	px.	9
<b>COLABORACIÓNS</b>		
Un zapato demasiado pequeno	px.	10
Tod@s somos Jokin	px.	11
Conectados	px.	13
De volta aos oitenta?	px.	14
<b>CREACIÓN</b>		
The Haunted House	px.	15
Flores sobre a neve	px.	17
Poema	px.	20
Caricaturas	px.	21
Tres de picas	px.	24
Cantigas de escarnio	px.	27
<b>LIBROS</b>		
O Código Da Vinci	px.	29
<b>COUSAS DO INSTI</b>		
Unha saída	px.	30
Respostas lonxevas / Extraterrestres ou humanos?	px.	31
Viaxe a Roma	px.	32
Premios	px.	33
Italia. Unha viaxe inolvidábel	px.	35
<b>MISCELÁNEA</b>		
A pedra longa	px.	38
Entrevista a Marisol Paíno	px.	39
Actividades e excursións	px.	41

## EDITORIAL

Este ano saíunos un *Besbello* íglobal?, ¿internacional? Un *Besbello* plural e diverso como é o noso alumnado.

Incorporamos un artigo en inglés e outro en francés, linguas que intentan dominar os nosos alumnos, ademais imos poñer o nome da nosa revista en diferentes linguas que representan a diversidade presente neste Centro.

**КУЗНЕЧИК** (ruso)  
(chinés)

**GRASSHOPPER** (inglés)


Custounos moito escoller a portada e a contraportada. Habíaas moi boas tanto desde o punto de vista estético como da idea que representaban; oportunas e oportunistas mesmo. Decidímonos polo besbello artista e presentador do espectáculo para a portada, e eliximos o besbello soñador e solitario para a contraportada porque ademais da súa calidade artística, aporta uns valores que, nos tempos que corren, coidamos cómpre incorporar e salientar.

Máis nada i Que comece o espectáculo!

### CONSELLO DE REDACCIÓN

Marisa Andrade e Luz Cao

PORTADA: Antía Díaz  
CONTRAPORTADA: Noelia Domínguez  
ILUSTRADORES: Iris Darriba, Daniel Revuelta,  
Minzhe Chen,





## Entrevista a Leonor

O pasado mércores 19 de Xaneiro tivemos entre nós a Leonor, unha "chamaquiña" de 16 anos natural de Oaxaca, en México. Veu falarnos da súa comunidade, os seus problemas e a súa forma de organizarse para facerlles fronte. Tivemos a sorte de participar nunha conferencia moi interesante, que serviu para ampliar os nosos horizontes, cuestionarnos xeitos da nosa forma de vida e pór rostro e voz a unha dos millóns de persoas que sofren inxustizas no mundo, e que a nós nos semellan unha masa anónima e lonxana. Leonor engaiolounos coa súa calidez, achegounos á poboazón indíxena mexicana para facernos sentir parte do mesmo mundo. Para todas as persoas que se perderon a conferencia, ou que queiran lembrala, entrevistamos a Leo, que nestes momentos está en Francia seguindo coa súa xira europea.

1.Ola Leonor, ante todo grazas por estar entre nós. ¿Que lembranza levas da túa xira polos institutos de Vigo? O que me levo é a idea de que grande parte dos estudantes non sabían da situación que se está vivindo nas terras mexicanas, pero cando lles contei a realidade das comunidades de Oaxaca, vin no seu rostro unha solidariedade cara ás comunidades que están loitando por unha vida digna.

2.Fálanos un pouco da vida na túa comunidade.¿Cales son os problemas que vos levaron a organizarvos ?

As nosas comunidades están lonxe da cidade, están entre a serra, nas montañas, onde nós temos os nosos usos e costumes, a nosa lingua, a nosa forma de traballar coa nai terra, a convivencia entre irmáns, pero a pesar de todo tamén vivimos con diversos problemas como son: violacións dos nosos dereitos humanos, privatización das terras comunais para venderllas ás multinacionais, falta de vivenda digna, escolas, centros de saúde etc. Por esa razón vimos a necesidade de organizarnos con outros irmáns doutras comunidades que tiñan os mesmos problemas ca nós. Por todo iso xurdimos

como organización do *Consello Indígena Popular* de Oaxaca Ricardo Flores Magón. Formámolo 30 comunidades indíxenas das diferentes rexións de Oaxaca. Nós como organización o que queremos é que sexan respectados os nosos dereitos como indíxenas, a reconstrución e libre asociación das nosas aldeas, e o recoñecemento á nosa autonomía indíxena e a solución aos conflitos agrarios das comunidades.

3.¿Cales son os problemas que xurdiron despois de entrar no CIPO? Despois de que saíramos á luz como organización e exixíramos a solución aos problemas das nosas comunidades no transcurso destes anos o noso camiñar como organización foi difícil porque a resposta que temos recibido de parte do goberno é a morte, a tortura o prendemento, o secuestro, o acoso e a creación de grupos paramilitares para matar aos nosos compañeir@s nas comunidades e perseguir ás persoas que están loitando contra violación dos nosos dereitos humanos.

4.Como vos defendedes ante estas inxustizas?

Nós estamos a facer marchas, encontros, obradoiros para dar a coñecer a situación, como organización non cremos en ningún partido político porque non aspiramos a chegar a un poder, senón que queremos a nosa autonomía e a libre asociación das nosas aldeas .



5.¿En o que mellorou a vida da túa comunidade despois de se integrar no CIPO? Pois nas nosas comunidades tivemos logros e fracasos: os logros son que nunhas comunidades xa construímos escolas comunitarias, Centros de Saúde e Enerxía Eléctrica. No caso da miña comunidade logramos o

recoñecemento de 108 persoas porque como axencia non somos recoñecidas porque queren destruír a natureza do que nós estamos a defender .

6.¿E a túa vida persoal? Como compaxinas a túa vida de estudante coa de "revolucionaria"? Eu creo que ben porque podo facer as dúas cousas ao mesmo tempo, axudar aos meus compañeiros e estudar.

7.¿Que vos decidiu a vir a Europa? Cales son os obxectivos da vosa visita? Pois nós chegamos a Europa coa necesidade de dar a coñecer ao mundo a represión que se vive no estado de Oaxaca e as vilacións dos dereitos humanos. Chegamos a Europa grazas ao apoio do concello de Jerez de la Frontera que foron as persoas que financiaron os nosos billetes de avión. Estivemos un mes en Jerez recibindo un obradoiro de comunicación.

8.¿En que cousas concretas vos podemos axudar desde aquí?

Pois nós o que estamos a pedir é a solidariedade da xente que nos escoitou nas conferencias que estivemos a dar, e difundir a nosa loita e a liberdade dos nosos compañeiros presos e perseguidos pola policía e os grupos paramilitares.

9.Moitas grazas, Leonor. ¿Como podemos contactar contigo para colaborar en algo? **Por correo electrónico: [cipo@nodo50.org](mailto:cipo@nodo50.org)  
[ciporf@yahoo.com.mx](mailto:ciporf@yahoo.com.mx)  
[mujercipo@hotmail.com](mailto:mujercipo@hotmail.com)**

10.Grazas outra vez. Esperamos que á túa volta á casa as cousas melloraran. Definitivamente Vigo mellorou tras a túa visita.

## O TERRIBLE BALANCE TRAS O TSUNAMI

O balance que deixou a maior catástrofe natural da historia moderna é escalofriante. Máis de cento cincuenta mil mortos e case cinco millóns de persoas afectadas. A falta de auga está a ser o maior problema das zonas afectadas.

A Organización Mundial da Saude advertía que as epidemias de cólera, malaria, dengue, febre tifoidea e neumonía poden acabar con tantas vidas como o maremoto. A axuda civil supera a dos gobernos, pois mentres que o material enviado polo goberno é unha axuda de dous mil douscentos millóns de dólares, a sociedade civil xa supera as aportacións prometidas polos gobernos.



Entre os afectados, tamén hai famosos. Sir Richard Attenborough perdeu a súa filla, Jane, e a súa neta, Lucy. Mellor sorte correron a actriz italiana Ornella Mutti e o seu mozo, Stephan. Tamén salvaron a vida varios futbolistas da Liga italiana e o actor de películas de "Kung Fu" Jet Li; ou o esquiador sueco Ingemar Stenmark. Sen embargo, a modelo checa Petra Nemcova perdeu ó seu mozo, o fotógrafo británico Simon Atlee.



Tilly Smith, unha rapaza de dez anos, salvou a súa vida e a de máis de cen persoas. A rapaza quedara abraiada coas explicacións do seu profesor acerca do Tsunami; por iso, o 26 de

decembro, cando observou que a marea estaba moi baixa, recordou as explicacións do seu profesor e comentoullo a súa nai. Os do hotel no que estaban desaloxaron tan rápido a praia que foi unha das poucas onde non houbo mortos.



A catástrofe puídose evitar. En Hawai detectaron o seísmo unha hora despois de que se producise. Oficiais indonesios declararon que se puido saber antes se os pequenos sensores que teñen no Índico funcionasen, pero foran danados por un raio días antes. De tódalas maneiras, aínda que se soubese, non se podía avisar a tódalas aldeas costeiras, pois non contan coa infraestrutura necesaria.

O 26 de decembro do 2004. Unha data que quedara memorizada na historia da terra.

Nº 3 2º ESO C MARTÍN BARCIA BOULLOSA



**Sri Lanka 100 días despois**

Foto de Alfredo Cáliz



## "Bonjour, guten Tag, , ola, hello"



Bonjour collègues! Cet article veut montrer le fonctionnement des principales institutions européennes qui se trouvent à Strasbourg, Bruxelles et Luxembourg, ce sont les trois villes où les institutions européennes se sont principalement installées depuis leur création. Symbole de la réconciliation franco-allemande. Chacune a ses institutions: Bruxelles siège les commissions du Parlement européen, mais le secrétariat général du Parlement européen et ses services restent installés à Luxembourg et à Strasbourg, ville située au nord-est de la France et d'origine romaine, compte avec le Siège du Conseil de l'Europe, de la Cour européenne des Droits de l'Homme et du lieu de réunion du Parlement européen.

Le Parlement européen est intégré par : Allemagne, France, Italie, Russie, Espagne, Belgique, Grèce, Pays-Bas, Portugal, Autriche, Suède, Danemark, Irlande, Finlande et Luxembourg. A part : Estonie, Lettonie, Lituanie, Pologne, République tchèque, Slovaquie, Hongrie, Slovénie, Malte et Chypre, qui sont entrés en 2004. Le Parlement travaille, grâce à ses traducteurs et à ses interprètes, dans les langues officielles de l'Union: allemand, anglais, danois, espagnol, finnois, français, grec, italien, néerlandais, portugais et suédois.

Le Parlement est élu chaque cinq ans par suffrage universel direct par 374 millions des citoyens européens

Le Parlement européen a trois fonctions essentielles:

- Il partage avec le Conseil la fonction de légiférer, l'approbation des lois européennes.
- Il partage avec le Conseil la fonction des devis.
- Il désigne et censure ses membres.

Le Conseil, organisme de décision de l' Union Européenne, en plus de partager quelques fonctions avec le Parlement européen il a plusieurs objectifs:

- Il défend la démocratie
- Il défend les droits de l'homme
- Il défend la justice
- Il défend la nature
- Il cherche à résoudre les grands
- Problèmes actuels (drogue, sida, racisme, violence...)



L'Espagne a dit "oui" à la Constitution Européenne et pourtant nous pouvons nous favoriser:

- Du respect de la dignité humaine, la liberté, la démocratie, la égalité, l'état de droit et les droits humains. Une société caractérisée par le pluralisme, l'absence de discrimination, de la tolérance, de la justice, et de la solidarité.
- La libre circulation de personnes, biens, services et capitales, ainsi que la liberté de l'établissement.
- Toutes les personnes qui ont la nationalité d'un état membre possèdent la citoyenneté de l'Union"
- Une Carte des droits fondamentaux où l'on applique en plus des droits civiles et politiques, les droits sociaux des travailleurs, la protection de l'environnement ou le droit à une bonne administration.



### **Cours de français, 2° Bach C:**

**Année 04-05**

María Álvarez Pérez  
 Almudena Costas Penedo,  
 Alba Fernández Álvarez  
 Iago Fernández Fonseca  
 María Fontán Ricoy  
 Anil López Mahbubani

## UN ZAPATO DEMASIADO PEQUENO

Con frecuencia as mulleres sentímonos coaccionadas a "servir" sexualmente ao home, é dicir, a someternos de mala maneira aos seus desexos. A sociedade tradicional establece que para que haxa sexo debe haber amor, pero cada vez esta imposición vai quedando máis trasnoitada. Son os homes os que lle botan o pulso a valores morais tan antigos como Atapuerca para librarse de complexos e prexuízos. Sen embargo parece que este camiño de liberación está vedado ao sexo feminino. Mediante a dictadura de xénero (sutil, pero realmente eficaz) métesenos na cabeza que para divertirnos libremente e dar carta branca aos nosos desexos máis puros debemos estar namoradas. Pero, ¿de onde vén realmente este problema?

Analizando o tema a fondo cheguei á conclusión de que a excravitude que temos as mulleres cara o noso corpo é a mesma excravitude que nos somete aos desexos do home e non aos propios. Os mesmos grillóns que nos impiden querernos tal e como somos son os que nos impiden satisfacer as nosas necesidades sexuais e/ou afectivas.

É un fito que, en xeral, os rapaces teñen un mellor concepto de si mesmos, o que lles dá unha seguridade que se transmite en calquera tipo de relación. Especificamente na sexual, os rapaces non teñen medo a que a cousa saia mal, confían en si mesmos e é esta confianza o que lles dá esa liberdade que xeralmente teñen no momento de elixir qué tipo ou qué cantidade de relacións teñen co sexo oposto.

A confianza e a seguridade que marcan o camiño cara unha mirada da vida moito máis liberal, contrastan co medo e a inseguridade que, en xeral, senten as mulleres cara a súa persoa condicionándoas e someténdolas no terreo do sexual e emocional. As mulleres precisan sentirse queridas, desexadas porque precisamente elas non se aman nin se desexan a si mesmas. Toda esa dependencia dos homes arranca dun problema moi antigo e extendido como é a falta de autoestima.

Unha vez explicado isto ocórreseme outra pregunta: ¿de onde vén esta falta de amor propio das mulleres?

A resposta unha vez máis encóntrase na dictadura de xénero e no seu currículo oculto. Desde ben pequenas, as nenas aprenden que unha muller é sinónimo de perfección: sempre arregrada, sempre peiteada, sempre sorrinte, sempre xove... imposibles, metas inancalzables por ningún ser

humano. Desde os medios de comunicación e o mundo en xeral véndesenos a imaxe dunha muller artificial que representa unha realidade inexistente (moitas veces as fotografías e demais están retocadas por ordenador).

Ante estas exixencias cruentas e unha vez máis excravizadoras, os homes lavan as mans, e estou de acordo dalgún modo en que o fagan porque unha vez máis a culpa é da sociedade, mulleres e homes empeñámonos en crear uns ideais inalcanzables que non son máis que meras tendencias ou modas. No renacemento o ideal feminino era o dunha muller entrada en carnes e nos noventa a muller tipo "heroinómana desnutrida". Mesmo en culturas que conviven actualmente coa nosa, a muller máis guapa é a que leva o prato máis grande na boca ou indo xa contra a integridade humana, a que ten os pés máis pequenos gracias a técnicas de excravitude denigrantes.

Todo isto non son máis que probas da ridiculez e o voluble que pode chegar a ser un ideal para nada inofensivo que agrede e que viloa directa e indirectamente a mulleres de todo o mundo vítimas unha vez máis das trampas impostas pola dictadura de xénero que homes e mulleres inventamos e contra a que cada día hai máis síntomas de rebelión e liberación.

Joey Potter

# TOD@S SOMOS JOKIN

## **Suicídase un neno de catorce anos en Hondarribia (Euskadi).**

### **As investigacións revelan as constantes malleiras.**

Soidade, incompreensión, hostilidade, acoso; foron os últimos sentimentos que Jokin, un mozo de tan só catorce anos sentiu percorrer o seu corpo os días previos ao seu suicidio. Jokin era un neno forte e valente, que non deixou, nin por un intre, que os seus seres queridos sufriran pola súa situación. Pero agora Jokin está morto e eu sintome máis viva, viva de rabia porque sei que podía ser eu ou calquera dos meus compañeiros.

O caso de Jokin non é en absoluto aíllado. Resulta moi triste que tivera que chegar ata este punto para que a sociedade teña conciencia do que pasa nos institutos máis aló dos exames e dos resultados académicos. Do mesmo xeito que hoxe en día o maltrato ás mulleres xa non é un tema tabú, espero que despois disto o acoso e o maltrato que sofren moitos rapaces nos centros escolares, deixe de ser un tema de sobra coñecido pero do que nunca se fala. A gravidade do suceso de Hondarribia debe tamén de concienciar aos nosos políticos e superiores de que hai que lle poñer freo ás conductas agresivas dos moz@s nos centros eucativos dunha forma pacífica pero eficaz.

Ó afondar sobre o tema a primeira palabra que me vén á cabeza é responsabilidade. A responsabilidade de tod@s. Non me gusta utilizar a palabra culpable, pero nestes intres a rabia que sinto obrígame dalgún modo a facelo. **Tod@s** somos culpables da morte prematura dun neno de tan só catorce anos, é forte, pero é así.

En primeira instancia están os directamente implicados na vida de Jokin no instituto:@s compañeir@s e o profesorado.

Nunha sociedade supostamente avanzada rexe hoxe en día a lei do máis forte. Os demais só poden acatar as normas e os desexos deste, como se de leóns e gamos se tratase. Por iso non saltou a alarma dende @s seus **compañeir@s**. Ante o autoritarismo de oito rapaces e a inxusta persecución sufrida por Jokin os demais calaron. Non souberon seguir os seus instintos, ser valentes e arricarse por defender a alguén que precisaba a axuda do grupo para saír dunha situación que empeoraba co tempo.

Se a alarma non saltou dende o profesorado foi porque estes non son verdadeiros educadores. Pensan que dando diariamente a súa clase de matemáticas, lingua ou bioloxía gañan o seu soldo. Pois ben, eu creo que o seu traballo vai máis aló dun cero ou un nove en

"x" asignatura. O seu traballo é coñecer e apoiar a tod@s e cada un dos seun alumn@s porque estes aínda son "personitas" fráxiles sen formar nin intelectual nin emotivamente

Tamén en primeira instancia a culpabilidade recae sobre os pais duns mozos de catorce anos convertidos en maltratadores case sen darse conta. Un chaval non se volve agresivo dun día para outro. É traballo dos pais e nais estar atentos para detectar os cambios na personalidade do seu fillo, que seguramente pedía axuda silenciosamente dende facía tempo.

Pero volvendo ao tema da responsabilidade común, aínda que sexa en segunda instancia, creo que tod@s creamos este tipo de situacións. Somos tod@s os que facemos o mundo cada vez máis hostil para a xente auténtica, sincera e intelixente como [Jokin](#). [Som@s](#) tod@s os que nos empeñamos en resolver calquera situación con violencia e malos modos. Somos tod@s os que nos facemos xord@s, ceg@s e mud@s para ovbiar así o inoiviable. Somos tod@s os que cada día somos máis egoístas e só pensamos en que só nós podemos ter problemas.

Dende aquí quero facer un chamamento á reflexión, a un pensamento máis unitario que nos axude a comprendernos entre tod@s. Para isto creo que sería un bó principio recoñecer a nosa parte de culpa na morte de Jokin. Hai máis vidas que a nosa nas nosas mans e calquera acción estúpida que fagamos hoxe pode ter a súa repercusión mañá. Temos que pensar que tod@s somos Jokin, que tod@s podemos sentirnos acosad@s e sós en calquera momento da nosa vida e que entón a nosa valentía non poderá salvarnos, pero sí a decisión, a axuda e a comprensión de tod@s @s que nos rodean.

A tódolos Jokin do mundo, en especial a éste; pola súa valentía.

Gabriela Abelenda Alonso 1º Bach B



## CONECTADOS

Sáímos cara á rúa, e cada vez presenciamos unha multitude de xente que leva os seus propios cascos coa súa propia música, "dentro do seu mundo"...

O outro día, lin un artigo no "Faro", que anunciaba que a miopía entre os xoves, ía ascender considerablemente debido aos constantes "enganches" aos ordenadores. Si, ese golpe mundial de *Internet* faría o que non fixeron as drogas ilegais, enganchar, ter fácil acceso, non ter un alto custe e libre para todas as persoas.

*Internet* fixo que cada un, viva nun mundo. *In crescendo*, cada persoa ten o seu propio ordenador persoal, dedicado e exclusivo para el ou ela. Entramos nun chat e somos quen queiramos ser, temos unha gran gama de nomes, personalidades e aspectos a elixir. Somos como deuses, podemos ser quen queiramos. Charlamos con calquera e dicimos, ao mellor, todo o que queremos aparentar; se queres ter doce anos, xa os tes; pelo longo, xa o posúes; ollos azuis, tamén... Así, persoas que se pasan horas e máis horas, pegados a unha silla diante dun monitor, sendo quen quere ser, facendo "cyber-amigos", estando nos seus foros, nas súas comunidades, no seu mundo, e así pasou o tempo sen darnos conta...

Anteriormente, era a televisión, pero agora ese furor obteou menor importancia. Eu mesmo coñezo a moita xente que deixou o hábito de ver a "tele", pero, sen embargo, agora están conectados... Esa expresión tan graciosa e cómica, esa pregunta de "¿Conéctaste hoxe?", ¿Conectarse a onde? Sí, agora somos "máquinas" conectadas a outras máquinas que recrean un "marabilloso" mundo virtual... e irreal.

Minzhe (Yuan) Chen Cheng, 3ºE.S.O A

## DE VOLTA AOS OITENTA?

Ola amigos, a continuación vouvos falar sobre un tema de moita actualidade nas nosas vidas: AS DROGAS.

Para comezar vou falar do tabaco. É unha droga, certo que branda, pero non deixa de cobrarse vidas cada día que pasa. Pasa o mesmo co alcohol, producen adicción e chafa moitas vidas. Certo é que está prohibida a venda aos menores, pero aínda así nós temos moita accesibilidade a eles.

Outras drogas moito máis destrutivas e aditivas como o éxtase e a cocaína tamén están ao noso alcance. A primeira pode levar lixivia ou matarratos. Produce euforia e sociabilidade, pero tamén lesións cerebrais irreversibles. Tanto o éxtase como a cocaína son alucinóxicos e unha sobredose destes prodúceche unha parada cardiorrespiratoria seguida da morte.

Tamén están as pastillas que se toman cando se vai de festa. Estas producen paranoias, esquizofrenias e outros problemas mentais. Cada ano que pasa está a ingresar nos psiquiátricos unha morea de mozos por estas causas.

Eu fágome unha pregunta, é esta a volta aos anos oitenta? Certo é que aquelas persoas que nesa época consumiron a droga non sabían os efectos prexudiciais delas. Pode que teñas un amigo que pense que, se fumas, bebes ou tomas drogas, es o tío máis guai do instituto, eu só che digo unha cousa: pensa no teu futuro e na túa saúde.

Adeus amigos.

*Sandra Refojos. 2º ESO B*





## THE HAUNTED HOUSE

ÓSCAR,- I wish we hadn't come here.

COBRA..-Let's go inside.!

BRUNIYO.-Have you got a torch?

ÓSCAR.- What a pity! I have forgotten mine.

COBRA.- Don't worry. I have one for me and one for you.

ÓSCAR.- Oh!... Fine.

The three boys started walking up the path. There wasn't a moon that night, so they lit the torches. The sight of the house was very impressive, huge and dark on top of the hill. When they arrived, Cobra pushed the heavy wooden door.

COBRA.- Look! -he shouted surprised- It's unlocked!

They pushed the door open. They were very excited. It was completely dark inside.

BRUNIYO.- Did you see that light on top of the stairs?

COBRA.- What light?

ÓSCAR.- There is something shining there! Look!

BRU.- It could be a mirror.

OSC.-But it might be a ghost! Perhaps it is a big ghost who wants to eat us for dinner!

COB.-Don't worry. Ghosts are vegetarian.

OSC.- What a liar! You are a bigmouth!

Cobra and Bruniyo laughed their heads off.

COB.- Don't cry, Óscar.. . O.K. ,Let's go.

The old wooden steps creaked as they were going upstairs.

OSC.-Did you hear that noise?

BRU.-What noise? The stairs? I think they can support your weight without any problem. And stop being so annoying!

COB.- No, I think it could be the GHOST!-

BRU.-Stop at once, man!

When they got upstairs they could see a big mirror in the corridor. Cobra and Bruniyo approached until they could see themselves reflected.

COB.- Hey, Bruniyo, this mirror makes you fatter

BRU.- And it makes you look more stupid!

OSC.- Can we leave this house, please?. It makes my hair stand on end!.

Suddenly, a flash lighted the house for a second, and they heard a blow behind.

OSC.-What was that!-he cried.

BRU.- It could be a thunder. Look through the window. It's raining.

COB.- No, it wasn't a thunder. Let's go and have a look in the other rooms.

OSC.- I don't like this a bit...please...can't you wait a minute?

But Cobra was already running down the corridor without waiting for them.

OSC.- Bruniyo, - he said very nervous- I think...when the flash lit the room...I think I saw something in the mirror...It was a woman...I think we are not alone in the house.- he whispered.

BRU.-Don't be silly. Ghosts are vegetarian...!

OSC.- And you are stupid! I am leaving right now!

BRU.- Hey, don't be such a coward, boy! It was just a joke!.

But Óscar ran downstairs and Bruniyo followed him-. They were in the living room when they heard Cobra calling them. He was holding a newspaper cutting.

COB.- Hey, men! .Where are you going? Look at this!. There was a woman living here. She was the previous owner.and she disappeared some years ago.

They looked at the cutting. A beautiful woman was in the photograph. Óscar looked very scared.

OSC.- That woman...- he whispered- She is the woman I saw, Bruniyo. The woman I saw in the mirror!

COB.- What are you saying? Is she your secret girlfriend?

OSC.- I saw that woman in the mirror. It's true! I swear! I'm going home!

Óscar rushed to the door but he couldn't open it. It was locked. He pushed and knocked on the door as strongly as he could but it was useless. Cobra and Bruniyo were beginning to feel frightened.

BRU.- Let's not panic!. Let's keep cool! What can we do?

COBRA.- I know. I'm going to phone somebody . Hey! Where is my mobile? I can't find it!

OSC.- Are you joking? This is not the right moment!

COB.- No, it is true!...I must have dropped it when I was in the bedroom upstairs...

They went back there, very slowly.. When they arrived they looked for the mobile everywhere. Bruniyo saw a big photograph album on a table and he opened it.

BRU.- Cobra, had you seen this before?

COB.- No, I hadn't. Where was it?

OSC.- Are there any photographs?

BRU.- No. It's empty... No! There is one on this page...

They all could see the photograph. The owner of the house, the young lady of the paper cutting, was standing in front of the house, waving. Three young boys were in the garden behind her. One of them was holding a photograph album.

BRU.-What the hell...!?

Suddenly, they heard a strange noise behind them. It sounded like the click of a camera.. The three boys turned round terrified.



Five years later, two daring girls entered the big house because of a wager. They went upstairs and they saw a huge mirror in the corridor. The younger girl said she would swear she had seen three silhouettes reflected in the mirror but her friend didn't pay any attention to her.

Going from one room to the other, they found a photograph album in one of the bedrooms.. There was only one photo inside, where a young lady was waving to the camera ,with three boys.

The girls looked closer. Behind the boys, two young girls were looking at a photograph album. The daring girls heard a noise behind them. It was like a click...

BRUNO PEREZ ESTÉVEZ  
ÓSCAR FERNÁNDEZ MARIÑO  
ÓSCAR MONTEAGUDO VÁZQUEZ  
1º BACHILLERATO C . INGLÉS SEGUNDA LENGUA

## FLORES SOBRE A NEVE

(1º PREMIO LETRAS GALEGAS 2004, Patricia Torres López)

Non lembro ós meus pais. Cando era ben neno meus irmáns e máis eu viviamos con eles na Coruña, pero falolle duns corenta e cinco anos atrás, así que non me pregunte máis por eles porque non sabería darlle detalles, xa lle digo que os recordos que teño son moi vagos.

Eu tería arredor de catro ou cinco anos cando meu pai emigrou a Suíza para traballar. Xa seu irmán fixera o propio marchando á Arxentina e un tío seu había tempo que estaba aló polo Uruguai, pero naquel tempo os galegos comezabamos a emigrar a Europa, xa sabe, Francia, Alemaña... Meu pai elixiu Suíza porque seica amigos da mocidade lle falaran de bos cartos, dunha Europa en crecemento e desenvolvemento, e alá que se foi. Non deberon de pasar moitos meses cando nunha das cartas que acostumaba escribirmos animaba á miña nai a marchar onda el levando consigo ó meu irmán Vicente, o maior, que xa tiña idade, corpo e boa disposición para o traballo. Miña nai morreu aló seica non moito tempo despois e meu pai casou cunha suíza. Non voltou a Galicia, pero tampouco deixou de nos mandar cartos ata que fomos quen de traballar e gañalos pola nosa conta.

Os pequenos quedamos coa avoa paterna, que en paz descanse, nunha vila da provincia de Lugo, na mesma vella casa onde a pobre muller criara a tódolos seus fillos e perdido tamén a algún deles...

Daquelo sí que me lembro... O sabor do lacón con grelos que con maestría galega preparaba a avoa, o canto do galo ben cedo na mañá, o pan de centeo, os tomates que plantabamos na hortiña, os polos que criabamos e comiamos nas ocasións especiais e, sobre todo, do que máis e mellor me lembro é do tacto frío da neve nas madrugadas xeadas do inverno.

Eu acostumaba erguerme dúas ou tres horas antes de ir á escola para se-lo primeiro en pisa-la neve. Adoraba aquela brancura infinita, aqueles copos xeados insensibilizando a palma da miña man, e as xemas dos meus dedos morados polo frío. Moitos catarros me custou o feito de querer ser sempre o primeiro, o dono e señor do que non volta nunca senón cunha nova nevada, pero que xa non é a mesma. Tamén me lembro de canto me enrabexaba quedar durmido e ver, ó espertar, ós meus irmáns pisoteando e correndo infames sobre a branca virxitude deshonorada da neve. Entón eu xa non saía, quedaba xunto o cristal da ventá consumido pola rabia de non ter sido o primeiro e xurando que á mañá seguinte ergueríame máis cedo que

nunca para ser eu de novo quen se fixera co presente máis fermoso que a un home se lle pode ofrecer.

Cando fun mozo cumprido e forte, pero iso si, de traballar, non coma os raparigos de agora que, como non fan nada, collen e vanse ós ximnacios eses que hai agora a facer músculo, que o que lles fai falla é coller un sachó e porse a currar no campo e... En fin, como lles dicía, cando tiven idade de ir ás verbenas e romarías, que era onde a xuventude se divertía daquela, unha das miñas irmás, a Carmiña se lembro ben, presentoume a unha amiga súa moi guapa, morena e cos ollos negros coma o chamizo. Desas xa non hai agora, coas carnes pretas e ben postas no seu sitio, agora gustan pequenas e sen gracia... ¡Como me gustaba aquela muller! O bonita que estaba co vestido das festas e como me acaloraba ó sentí-lo seu peito contra o meu cando bailabamos agarrados.

A Tareixa, que así era como se chamaba, era neta dun indiano que voltara de Arxentina e que, segundo me contara a miña avoa, que en paz estea, fixera construí-la primeira biblioteca que houbo na vila. As mozas todas tíñanlle envexa de vela comigo e é que, modestia aparte, de que eu era guapo pode estar vostede seguro de que o era, precisamente por iso seu pai deu en poñernos unha carabina, unha tía solteira que tiña a rapaza e que ía connosco a todas partes para evitar que eu puidese, como dicía seu pai, "sobrepasarme" con ela. Pero xa vostede sabe que o prohibido é tamén o que máis nos chama a todos a atención o cal, xunto co Albariño con que regamolamos a noite de San Xoán, fíxome impacientar por proba-lo sabor daquelas carnes tan fermosas, coma cando de neno me invadía aquela ansia por saltar da cama para desvirga-la pureza da neve, así que arranxamonos para desfacernos da solteirona aquela para poder estar a soas.

Non volvín buscala. Miña avoa non se explicaba porqué e instigábame a que casara con ela, dicíame: "Anda raparigo e non sexas parvo, que a moza é guapa e ten bos cartos", pero aquela non era muller para casar, eu perdera xa todo interés por ela, non conservaba ningún tipo de desexo por volver a tocala e, é máis, o só feito de pensalo resultábame desagradable. Non pense que non me gustou estar con ela porque se equivocou, foi a experiencia máis marabillosa que tiven na miña mocidade e ata pode que na miña vida. Aquela sensación de poder, de triunfo, de facerme dono dunha parte do seu corpo e da súa alma que xa só serían para min, por primeira e derradeira vez na vida, encheume de ledicia, pero xa rematara todo; ela xa non era unha muller enteira e estaba sucia para min.

Seu pai viu á miña casa pouco tempo despois a esixirme que lle cumprise á súa filla. Eu contesteille que a súa filla era unha furcia e que eu non estaba disposto a casar cunha muller indecente e lixeira de cascos, e aínda podo lembra-lo sabor metalizado do sangue na miña boca, da dor aguda no estómago con cada impacto das súas botas de traballo e das manchas moradas e ennegrecidas na miña pel durante varias semanas.

Aquilo foi un grande desgusto para a miña avoa. A pobre velliña dicíame que eu era un inconsciente, que como se me ocorrera facerlle iso á filla dun home tan respectado... pero finalmente acaboume dando a razón, e é que a muller sabía que un home ten que casar cunha moza intacta, e que a que non o está nin respecta os valores do matrimonio nin ten moralidade. Ó fin e ó cabo, ¿que culpa tiña eu? Non a obriguei a nada, e, a verdade, máis valeu que fose eu a que a pasara pola pedra que calquera desgraciado que atopase pola rúa.

Tralo suceso de Tareixa a avoa mandoume para aquí, a Vigo. Ó meu irmán Andrés ofrecéranlle un traballo nunha empresa que recén comezaba a funcionar e a pobre muller pediulle que mo cedera coa intención de alonxarme da vila, porque seica a familia da rapaza andaba crispada de máis e non me convida ter problemas con aquela xente, así que fixen as maletas e marchei.

Aquí coñecín a Milagros, a miña muller. Era filla dun mariñeiro e unha cosedora de redes. A verdade é que non me gustaba tanto como me gustara a outra moza, a Tareixa, pero era limpa, traballadora e honrada como ningunha outra. O noivado foi curto e a voda organizada a correr, porque o pai adicábase á pesca de altura e se non a celebrabamos nese intre íamos ter que esperar moitos meses a que regresara para podelo facer.

A noite de vodas foi outro dos grandes momentos da miña vida, quizáis lle faltou a paixón de primeira vez coa moza da miña vila, pero de novo aquel sabor a triunfo, aquela marabillosa sensación inundaba cada un dos poros da miña pel... mais volvían perder interés. Se lle son sincero, non tería tocado nunca máis a Milagros se non fose pola insistencia dela, polos seus continuos reproches e os seus prantos afogados, segundo ela froito da humillación á que di que aínda hoxe a someto. Milagros parece non comprender que face-lo amor sen ganas, sen un verdadeiro desexo, é máis un castigo que un acto de amor, e que mellor deixalo. Eu non teño a culpa de que xa non sexa unha moza, pura e fresca, como fai vintecinco anos.

A un ano escaso da voda naceu a primeira nena, Antía. Puxémoslle ese nome porque vén dunha verba grega que significa "Florida" ou "Flor", e que é o que ela semellaba tan pequeniña, branca, inocente e inmaculada. Era bonita e pura coma unha floriña.

Algún tempo máis tarde viñeron ó mundo Belén, Manuel e María. Á maior e ó rapaz criámoslos na casa porque, por unha parte, a nai precisaba axuda e facía falla outra muller e, polo outro, Manuel algún día sería un home capaz de traer un bo salario para axudar a manté-la súa familia e mailo seu fogar. Ás outras dúas raparigas, en canto non foron tan pequerrechas internámoslas nunha escola relixiosa, só para nenas, dende logo, para que recibisen unha boa educación como mulleres decentes sen que ningún bastardo mas deshonrara e con vistas a, se Deus quería, ingresar algún día nun convento como mulleres adicadas ó Señor. ¡O ben que falaba a miña señora avoa das monxas! Mulleres que adicaban a súa vida a Deus e ó próximo, ó cultivo da alma e o espírito lonxe da luxuria e dos pecados da carne, mulleres puras, limpas, brancas... Así quería eu que fosen as miñas nenas. Con Belén conseguino. A María non a vexo dende fai ano e medio e nin falla que me fai, que eu con xente desagradecida non quero ter absolutamente nada que ver. ¿Pode vostede crelo? Retrógrado, retrógrado e enfermo foi o que me chamou a moi... Pero isto acabouse, dende o momento en que marchou co miserable aquel deixou de se-la miña filla, para min está morta e enterrada e, senón lle importa, ós mortos é mellor deixalos descansar.

Da miña Antía, ¿que quere que lle diga?, criámola con valores morais, que diso tristemente xa non hai. Xa vostede sabe que estaba a piques de casar. O mozo, o namorado da nena, é boa xente, vén dunha familia honrada e é traballador e un home da súa casa, pero a min a idea da voda non me gustaba demasiado, a verdade, porque só pensar que ía manchar á miña filla, a arrincarlle-la flor, que din os xitanos, a min amargábame. A proximidade da cerimonia asfixiábame, facíaseme insoportable e superábame o feito de coñece-la chegada inminente do momento en que á miña Antía, á miña floriña bonita lle fosen quitar aquilo que súa nai e máis eu tiñamos gardado con tanto celo, e sobretodo que fose facelo un tipo calquera da rúa... Por iso a véspera da voda me introducín na súa cama, pero creo que esa non é razón para vir á súa consulta, doutor, porque, ¿quen mellor que seu pai para posuí-la pureza do seu ventre?

GUSTARÍAME...

Que todas as noites fosen estreladas.

Que todas as preguntas tivesen resposta.

Que todas as persoas tivesen respostas.

Que todos os exames fosen sinxelos.

Que todos os amigos fosen de verdade.

Que todas as sorpresas fosen agradables

Que todos os días fosen primavera.

Que todos os sonhos fosen realidade.

Que todas as mulleres fosen valoradas.

Que todos os movementos fosen pacifistas.

Que todos os desexos se cumprisen.

Que todos os seres fosen felices.

*Ana Pérez Martín. 2º ESO B.*





PASA DE  
TODO  
TÍO





DEY/O





**TRES DE PICAS**  
**(2º premio Letras Galegas 2004)**  
**Paula Hermida Lovelle**

- ¡Hola Rauliño!, ¿que tal?

Entrou na habitación e deulle unha palmadiña ó seu amigo, que xa o agardaba sentado na súa cadeira, en fronte da mesa, como tódolos mércores ás cinco en punto.

- Vexo que coma sempre... ¿non?

Colleu unha banquetea e deslizouna polo chan até colocala á beira da mesa.

- Deberías arranxar isto un chisco- dixo mentres que, con ollada preocupada, examinaba, detalladamente, as gretas que se expandían por todo o teito-. Non te preocupes, xa falarei eu coa asistententa.

- Tomou a baralla entre os seus longos dedos e sentouse en fronte do seu amigo.

Todo era silencio. Sobre o mantel repousaban, aínda, os miolos de pan do mediodía. As paredes, amarelas, erguíanse até unha considerable altura, típica de tódalas casas antigas, e só unha lámpada, que apenas se mantiña pendurada do teito, permitía que viran cunha relativa claridade, manchándoo todo coa súa luz lene, casi grisácea.

- Creo que hoxe non che apetece falar- comentou ironicamente- ¿trabúcome?.

Raúl mirábao con ollos baleiros e brillantes, coma sempre o facía. A súa cabeza repousaba sobre o seu ombreiro dereito e dos seus beizos entreabertos comezara a saír un fiaño de saliva.

- Por aquí as cousas non cambian moito, non... pois... eu... metinme nun sarillo.

Comezou a barallar as cartas e seguiu falando pausadamente.

- Verás, trátase da miña muller... Laila, ¿lembras?- tomou aire. Semellaba estar consternado por todo aquilo que ía contarlle ó seu amigo- . Bueno... o certo é que o noso matrimonio non marchaba ben. ¡Non!, non era iso, era que... ique xa non a aturaba, Rauliño! . Vintecinco anos perdendo a miña vida, sentindo que se me vai e que... que ela me arrastraba. ¡Estaba volvéndome tolo!: que se o luns tiñamos que velo documental; o martes, a merenda coas amigas; tiña que mexar dentro da taza, sen salpicar... isen salpicar!- dixo elevando os brazos coma se, efectivamente, se

tratara dunha desgracia-. Iso foi o colmo. O xoves pasado decidín que xa era suficiente e pensei que sería unha boa idea matala- levantou a vista un momento, inconscientemente, para ver se o seu amigo reaccionaba. Imposíbel-. Non sería unha morte sanguinaria nin macabra. Tiña que parecer un accidente ou ... un suicidio.

Fixo unha pausa e levouse a man ó queixo, extraviando a súa mirada entre algunha das manchas que cubrían a parede do salón. Mentres, asentía, mudamente, coas cellas enrugadas, preocupado.

Só o murmurio do tráfico, que apenas entraba pola fiestra, conseguiu devolvelo á realidade.

- Pois... nada, optei polo suicidio. Supuxen que, dalgún xeito, manteríame máis á marxe... ¡Estúpida suposición!. De ningunha maneira quería involucrarme na súa morte, así que púxenme en contacto cun deses "matóns a soldo" e concretamos, con todo detalle, cada unha das partes do plan.

Achegou a banquetta ruidosamente á mesa e inclinouse sobre ela, como se pretendiera que Raúl non se perdera ningún detalle da súa "aventura".

Era todo bastante sinxelo: eu iría traballar, coma tódolos venres, ás oito e media, deixando a Laila soa na casa. Máis tarde, sobre a unha do mediodía (hora na que adoitaba estar no balcón, tendendo a roupa), el, coa miña chave, por suposto, entraría na casa. Só tería que achegarse a ela polas costas e darlle un lixeiro empurronciño; o suficiente para que caera, con todo o seu peso, dende dez pisos de altura.

Fixo unha pausa e comezou a repasar, co seu dedo, cada un dos debuxos do mantel.

- Cando chegara de traballar, vería o cadáver tendido sobre a estrada, xa rodeado e acordado pola policía, e choraría a súa morte co pretexto de que discutiramos o día anterior.

Golpeou a mesa coa palma da man e ergueu as cellas.

-¡Ah!, pero non foi así. Eu cheguei e, efectivamente, o corpo da miña muller xacía, inerte, sobre a estrada, rodeado dun charco cristalino de sangue. Achegueime tanto como puiden ó cadáver e comecei a chorar, segundo o planeado. Díxenlle á policía que eu era o seu home. Fixen todo o que acordamos...

Comezou a rir case histericamente, mentres observaba, admirado, a indiferencia que mostraba o seu amigo.

-¡Tiñas que verme!. Non deixei de chorar en, polo menos, media hora. ¡Parecía todo tan real!. ¡Incluso me consolaron!... pero, cando levantaron o cadáver todo cambiou. Eu xa estaba case á marxe, asinando papeis e dando respostas que, ademais de ser totalmente certas, mostrábanme inocente. Foi un dos axentes. Achegouse a min e díxome: "Atopamos isto baixo o cadáver". Amosoume unha carta, o tres de picas. "Tentamos de atopar pegadas dactilares, pero non hai nin unha soa... algo estraño nunha carta... ¿non lle parece?. Eu xa comezaba a notar que o sangue me subía á faciana e aquel oficial, ou o que fose, estábame mirando como se mira a un sospeitoso. E chegou. A pregunta que estivera evitando, a pregunta pola cal pensara todo o meu plan, até entón, case perfecto. "Señor Álvarez ... ¿tivo algo que ver vostede con todo isto?". Eu calei, por suposto. Tiña que pensar ben a resposta; podía botalo todo a perder. Ó final decidín que non quería mentir e que, ó fin e ó cabo, diría a verdade: eu non colocara alí a carta. " Señor Álvarez...". "Si", díxenlle "xa o oín, pero paréceme incríbel que poida se-lo suficientemente valente como para facerme esa pregunta. ¿Cre que odiaba á miña muller?, ¿eh?, ¿de verdade cre que é posíbel que matara á miña Laila?". Púxenme a chorar e berrar e ... e non sei, non sei o que fixen. Despois, achegouse de novo o mesmo policía e disculpouse, e díxome que seguro que a carta era como a sinatura dalgún asasino. Tamén me preguntou se coñecía a algunha persoa que a odiara o suficiente como para matala ou se tiña débedas con alguén. ¡A sinatura dun asasino! ...¡hai que ver!. Será imbécil, dígolle que ten que parecer un auténtico suicidio, ie vai o tío e pon a súa sinatura no cadáver!. O peor de todo é que nin sequera me deu o seu nome, nin sei como é. Mantívose no anonimato constantemente, só falamos por teléfono.

Rascouse a cabeza e deixouna caer lixeiramente, poñendo as súas mans, entrelazadas, detrás da caluga.

-¡Todo son desgracias Raúl!.

Ergueu de novo a vista e, cruzando os brazos sobre o peito, mirouno durante unha boa miga.

- ¡Mírate!, ¡que mágoa!. O certo é que todo o que está acontecendo é horríbel: primeiro o do teu... bueno, o noso accidente e, agora, isto. Nunca poderás moverte... ¿verdade?. ¡Carallo, Raúl!, ¡con todo o que pasamos xuntos!, e agora nin sequera sei se logras entenderme. Atado a esa cadeira de rodas para sempre. Tiñas que facelo ... ¿non si?. Tiñas que cruza-la rúa xusto cando non ía atendendo á estrada. Nin me viches vir e ... ¡pum!. ¡Meu Deus, canto me debes odiar!. E agora estás só ... ¡só!, pero non te preocupes, eu virei a facerte compañía. Non me gardes rencor Rauliño, non me gardes rencor-. Dixo dándolle unhas palmadiñas no ombro.

Sentouse de novo na banquetta, colleu o mazo de cartas, abríndoo como un abano, e botoulle unha ollada.

-¿Sabes?, non son quen de rematar este solitario. Coido que me falta algunha carta.

Mirou por enriba das súas cartas e viu o rostro pálido de Raúl, e a súa mirada, perdida, e creu, por un momento, que podería contestarlle. Quedouse mirándoo até que, durante un instante, creu intuír na súa cara un atisbo de sorriso. Sacudiu a cabeza.


-¿Sabes?-dixo volvendo a mirar as súas cartas-, ás veces creo que me estou volvendo todo. Pero non sei ...

Mirou de novo a Raúl e viu, horrorizado, como o seu pescozo se endereitaba dun só movemento. Volveu a sumerxirse na baralla, coma se, dese xeito, puidera fuxir de todo aquilo. Así, agachándose detrás dun abano de cartas.

-Pois...-comezou a rir histericamente-si que me faltaba unha carta...¿sabes cal é?.

O cañón dunha pistola apartou as cartas da súa cara. Raúl puxérase de pé e, apoiándolle a arma na sen, díxolle:

-Déixame pensar... ¿o tres de picas?.





## Noites de festa

*Nas ledas noites de parranda  
ninguén sabe por onde el anda.  
De bar en bar, e pagando a prazos,  
din que naceu cunha bota baixo o brazo.*

*Pola noite aguante e...  
viño que non falte.*

*Indo de tarde pescar, atoparalo,  
ou mellor dito pescaralo,  
pois no mundo do mercado  
un ollomol é ben pagado*

*Pola noite aguante e...  
viño que non falte.*

*E a muller dille na rúa:  
vello apupado, ¡ándate con ollo!,  
que un día quedo viúva  
mentres afogas no viño e o seu mollo.*

*Pola noite aguante e...  
viño que non falte.*

## Rociux

*Parecía nado na "movidá",  
pois moitos dos seus lemas  
sempre seguía.  
Vida perdida, sen muller e pola bebida.*

*Home serio de seu  
cando el sobrio ía,  
aínda que no que respecta ó meu  
así nunca eu o vía.  
Vida perdida, sen muller e pola bebida.*

*"Hoxe non me podó erguer",  
polas mañás escoitaba,  
se é que erguerse podía,  
pois moito lle custaba.  
Vida perdida, sen muller e pola bebida.*

*Ía ledó para traballar  
aínda que non quixera,  
ou quizais un filtro máxico*



*coa súa vontade puidera.*  
Vida perdida, sen muller e pola bebida.

### **Linux**

*Era unha vez un home  
cun espello por testa,  
onde antes houbo  
unha pradería mesta.*  
¡Os anos non pasan en balde!

*É un filósofo de altura,  
que non se refrenda  
coa súa estatura.*  
¡Os anos non pasan en balde!

*Coas súas verbas  
encheunos de cultura,  
aínda que a iso  
non lle vexo lóxica ningunha.*  
¡Os anos non pasan en balde!

### **Linux, Chinux e Abux**

*-Linguaxe, culpable dos erros da miña clase!  
A quen non aprobe mates non lle deixo que pase!  
Todo é culpa da lingua!*

*Entre logaritmos e ecuacións  
saen ángulos e funcións.*  
Todo é culpa da lingua!

*No meu vestir son moi audaz  
e no meu carácter, susceptible e perspicaz.*  
Todo é culpa da lingua!

*Eu sempre queixándome do meu costado  
e vós queredes un aprobado.*  
Todo é culpa da lingua!

### **Isgaeze**



## O CÓDIGO DA VINCI

Neste pequeno texto vou dar a miña opinión sobre este libro, "O código da Vinci", que sen dubidalo, foi o máis comentado e posiblemente o máis lido nestes últimos tres anos.

Moitos foron os comentarios que intentaron boicotear a impresionante venta desta novela. Así mesmo, houboos que ata intentaron divinizala. A verdade é que o vocabulario do libro non é pouco extenso, aínda que as repeticións de palabras como escrutar, son moi apreciábeles.

Hai pouco a igrexa mandou un comunicado aos feles de todo o mundo censurando a lectura do libro. Quizais foron moi precipitadas as acusacións que se verqueron, pois claramente moitas das afirmacións que se poden ler, son pura ficción, propia das novelas.

As críticas que descubren a personalidade iracunda do Opus Dei non son impactantes, porque xa coñecemos que esta organización leva a cabo desde hai décadas, numerosos e arriscados plans, obra dos máis altos mandatarios. Ademais non se comenta ningún tema que estivese oculto, porque se recordamos autores como Pérez Reverte que xa escribira en 1993 sobre os ritos demoníacos e cultos aos deuses antigos, como por exemplo o Club Dumas.

Dan Brown, o autor de "O Código da Vinci", abre unha vez máis o debate entre o ben e o mal, e expón dunha maneira moi entretida e intelixente, centos de anos sobre a investigación acerca da verdadeira historia do que hoxe en día idolatran máis de mil millóns e medio de persoas.

Os datos que se proporcionan son verídicos ata certo punto. Sabemos que o maior xenio que descubriu a humanidade foi Leonardo Da Vinci. Crese que a súa xenialidade humana coñeceu segredos que nunca debían ser revelados, polo que plasma de forma codificada esas mensaxes nos seus cadros. Todo mundo coñece a Mona Lisa, exemplo de sorriso misterioso, como tamén os incontables erros filtrados na Última Cea.

Recomendo a lectura deste libro, que sen dúbida ningunha, gustará e abrirá portas polas que a imaxinación se infiltrará nas vosas mentes.

*Juan Carballo Tubío. 2º ESO A*



## UNHA SAÍDA

Era o 15 de outubro, un venres. Parecía non ser un día especial. O ceo, como sempre, cheo de nubes que ameazaban tronos; o espertador, soando demasiado cedo... Pero ese venres non sería un venres calquera, non. Ese venres había unha excursión!

Era unha excursión ao porto, a ver un barco, a verdade é que o panorama non se presentaba moi interesante. Canto me equivocaba!. Ao chegar dividíronnos en grupos. O grupo ao que eu pertencía foi o primeiro en dirixirse ao barco. O barco... chamaume moito a atención porque parecía vello e novo, coma se a súas madeiras xa viran moitas tormentas, pero estaban tan ben pintadas e parecían tan lisas coma se aínda non saíra xamais do embarcadero.

Entramos. De seguido leváronnos a un camarote moi grande no que había varias liteiras e unhas pantallas como de ordenador. Sentámonos, e comezou un documental nas pantallas. Era un documental moi interesante, como se o contase o mesmo barco. Falaba de como tiña sido toda a súa vida, desde o seu nome ("Nauja", que significa gaivota) ata todos e cada un dos oficios que realizara, que eran moi diversos. Fora, no seu principio, un barco pesqueiro, máis tarde un gardacostas, barco de pasaxeiros, narcotraficante, barco escola...Incluso foi un dos supervivientes da II G.M.!. Cada vez que cambiaba de traballo tiña novas reformas, por iso esa sensación que tiven no primeiro momento, de que o barco era novo e vello ao mesmo tempo..

Cando o documental rematou leváronnos á cabina, na que tamén se notaban os avances da tecnoloxía e as frecuentes reformas. Agora podíamos ver os modernos aparellos coma o G.P.S., o compás (moderno), o timón, a radio, o visor de fondos, o radar...ata contaba con servizo meteorolóxico e piloto automático!

Despois de ver a cabina, saímos á cuberta, onde observamos os masts coas súas velas, a áncora, os botes salvavidas...

Como xa quedaba pouco tempo non puideron explicarnos máis sobre os 75 anos de historia do "Nauja", pero, pola contra, leváronnos a unha exposición sobre os tipos de barcos, como a dorna, a gamela, o galeón, o barco de vapor e a traíña; tipos de pesca, como o cerco; e aparellos de pesca, como as nasas e o cebo.

Ao final resultou que si foi unha excursión interesante.

*Marta Blas Alonso. 2º ESO D.*



## RESPOSTAS LONXEVAS A PREGUNTAS INMEDIATAS

A verdade é que estou un pouco cansa de ir todos os días ao instituto e que me manden moreas e moreas de exercicios e deberes. De ter que preparar tantos e tantos exames cada semana. ¿Vós non?

Todos os días ao ir para a cama penso en todas as horas que lle dediquei aos estudos desde hai máis de oito anos. ¿É moito tempo, verdade?. Pero a pregunta máis importante é: ¿é un tempo perdido? En realidade, penso, a resposta é que non. Se cadra, só se cadra, no futuro, isto nos sirva para algo, para ter un traballo, unha carreira ou para ser alguén o día de mañá. ¿Non credes? Isto é algo que non saberemos con exactitude ata o momento en que nos preguntemos quen somos e que facemos aquí, porque algo faremos, ¿non?

Nese momento xa falaremos.

Ilduara Rivas Méndez. 2º ESO B



## ¿EXTRATERRESTRES OU HUMANOS?

Os profesores, un suplicio para os alumnos, un misterio para a sociedade. Así pois, podemos ter varios puntos de vista sobre eles: hai un grupo, ao que chamaremos A, que pensa que os profesores son extraterrestres, seres doutro planeta, que veñen á terra para controlarnos a mente ou para torturarnos (que vén sendo o mesmo); outro, ao que chamaremos B, pensa que son persoas normais coas que, aínda que ás veces se lles inche a vea, hai que cargar con elas e, por último, o grupo C, que simplemente non pensan, non lles importa o que ocorra cos malignos profesores.

Despois de todo isto eu estou co grupo A e penso que todo o mundo debe de meditar sobre este tema... pois quen sabe..., hai xente que di que non todo é o que parece... Polo tanto pensade xa a que grupo vos asociariades, pero.. antes de que o mundo desapareza, ou sexa invadido polos... PROFESORES!!!

*Soledad Cameselle García. 2º ESO B*



## VIAXE A ROMA

O día 13 de Marzo, as seis da mañá, 27 alumnos e dous profesores comezamos xuntos unha viaxe prometedora.

A primeira noite pasámola en Lloret do Mar, Cataluña, e a segunda en Andora, Italia. Ao día seguinte fomos a Pisa. Alí atópase a coñecida Torre de Pisa (verdadeiramente inclinada), flanqueada por un Duomo ou catedral e un Baptisterio.

Esa tarde chegamos a Florencia. Podo describila en poucos termos: romántica, antiga e chea de igrexas. Dedicamos esa tarde e a mañá seguinte a coñecela. Percorremos as súas rúas, vimos o Santa Croce e subimos 463 banzos ata o cume da cúpula do Duomo, pero, as vistas de Florencia dende alí, fixeron que pagara a pena. Foinos imposible visitar o museo pois a cola era de dúas horas!

Ao rematar a visita a esta cidade fomos a Siena. Entramos no Duomo, que por certo era impresionante; e xantamos na piazza dell Campo, unha ampla praza redonda onde podías acomodarte no chan.

Entrada a tarde chegamos ao noso último destino, Roma, onde pasamos tres días máis.

Esa primeira noite vimos a Columna e o Foro de Traxano.

O segundo día madrugamos para ir ao Vaticano, de arte e riqueza incalculable; tamén as vistas dende o cúpula son fermosísimas. Ao saír camiñamos ata o Panteón e logo ata a piazza Navona. Alí tivemos tempo libre para mercar e xantar. Logo fomos andando ao Campo dei Fiori (coido que ningún de nós esquecerá o gran Giordano Bruno), despois vimos o Foro Boario e pasamos polo Circo Maximo.

O terceiro e último día completo fomos ao Foro Romano e, máis tarde, ao coñecido Coliseo, que merece a fama que segue ao seu nome. Vimos o Capitolio e fixemos unha visita guiada polas Catacumbas, nas aforas da cidade. De volta ao centro entramos na igrexa de San Prieto in Vincolo e puidemos ver o Moisés de

Miguel Ángelo. Máis tarde deixámonos enmeigar pola maxia da Fontana de Trevi e vimos o pazo do presidente, o Esquilino, de camiño á Piazza de Spagna.

O derradeiro día tivemos tempo libre pola mañá na zona desta praza e ao mediodía marchamos ao aeroporto.

Nos días que pasamos en Italia non faltaron nin pizzas nin xeados, ninguén pode visitar Italia e marchar sen probalos.

Non me esquecín da xente que coñecín na viaxe, que a fixo divertida e encheuna de anécdotas. Tamén hai que recordar a eses profesores tan especiais que nos acompañaron.

Resumindo todo: foi unha experiencia inesquecible.

*Irene Álvarez Gómez. 2º ESO B*



## Premios

Adrián Vazquez Barbón, alumno de 2º de bacharelato conseguiu un accésit no premio Minerva de poesía. Proximamente verá publicados os seus poemas e mentres tanto aquí vai unha primicia dun dos poemas premiados. Noraboa e a seguir escribindo.



### Coa brétema nas veas

Afoguei a carón dun río xordo  
vestido de bágoas, averno, espiño.  
Doen na fría alma dos recordos  
as fadas que se afastan paseniño.

A soidá é vivir estando morto,  
combatendo os rabaños con muíños  
a áncora á sombra dalgún porto,  
as sombras nos cruceiros dos camiños.

Suicídome entre os campos de centeo  
do cabelo no espello de Afrodita,  
rogando treboadas baixo o ceo.

E choro nos mencers sacrosantos  
das febles andoriñas que suscitan  
unxirme e anegarme no quebranto

Adrián Vázquez Barbón

## CAMPIÓNS DO RALLYE MATEMÁTICO "SEN FRONTEIRAS" 2005

O grupo 4º ESO A do noso Centro quedou 1º clasificado no Rallye Matemático "sen fronteiras" 2005, celebrado o 15 de Marzo de 2005. O 14 de Abril de 2005, fomos a Santiago, á Facultade de Matemáticas, a recoller o noso premio. Agora temos que ir a Toulouse a competir na superfinal do Rallye. Noraboa polo resultado acadado e a seguir traballando. Se queredes máis información visitade a páxina web de AGAPEMA (<http://www.agapema.com/agapema.html>).



## OLIMPIADA MATEMÁTICA PARA 2º DE ESO

O alumno Diego Pérez Estévez de 2º ESO A pasou a fase local da Olimpiada matemática, e competirá en Oleiros o 13 de Maio na fase final. ( Ese día sería un dos tres campións da fase galega e iría a Madrid a fase estatal).

## ITALIA. UNHA VIAXE INOLVIDÁBEL

O trece de marzal reuníamonos no instituto, ás seis da mañá, vintenove persoas. Ía dar comezo a que sería unha viaxe inolvidábel.

Despois dun longo día de autobús, chegamos ao que sería o noso primeiro hotel, en Lloret de Mar. Logo de dar un paseo pola cidade (non sen ter antes "degustado" a succulenta cea, que levaba xa agardando preto dunha hora no plato cando chegamos), volvimos ao hotel, disfrutando dunha estancia cómoda e tranquila.

A xornada seguinte tamén a pasaríamos practicamente enteira no autobús, aínda que non por iso fora menos interesante. Sería este día cando aprenderíamos a canción que supoñería un drástico cambio nas nosas existenzas. Ninguén volvería se-lo mesmo/a. De aquí en diante teríamos un himno que nos representaría aló a onde fóramos; un lema baixo o que acollernos...sí amigos... íamos aprender iiiA CANTIGA DO AVECREM!!!.

Por fin divisamos Mónaco, sentíndonos máis preto da ansiada Italia. Chegamos a Andora. Desta vez, uns fermosos "bungaloes" con vistas ao que algún denominou "Océano Mediterráneo", serían os nosos aloxamentos aquela noite. A "excesiva transparencia" das portas de cristal coas que contaban crearían algunhas dificultades... xorde o primeiro "accidentado".

O martes, de camiño a Florencia, visitamos Pisa. Cidade fermosa e torre verdadeiramente inclinada. Xantamos alí e proseguimos a viaxe. Pola noite, por fin chegamos a Florencia, cidade que visitaríamos pola mañá do día seguinte. Nos amplos corredores deste hotel disputamos un marabilloso partido de fútbol (de cuxa "celebración", por suposto, aínda non se

decataron Beni nin o Indio, profes que nos acompañaban) no que acabarían participando unhas rapazas canadenses da nosa idade pertencentes a outra excursión que se aloxaba tres pisos máis arriba. Este encontro remataría cunha partida de cartas no bar do hotel, co conseguinte esforzo colectivo que supuxo explicarlle-las regras básicas de xogos de baralla sinxelos como o "cabrón", o "reloxo", ou "o cadrado", ás nosas novas amigas.

De novo para o bus, non sen antes visitar Florencia (cidade inolvidábel) e cunha notábel diferenza: a seguinte sería a derradeira e ansiada parada: ROMA. Preto do anoitecer chegaríamos á capital italiana. Tras unha cea certamente desastrosa volvíamos ao que sería o noso aloxamento definitivo nos vindeiros tres días.

O xoves e venres visitamos Roma (ipor fin!): a *Piazza Navona*, o Panteón, o Coliseo romano, a *Fontana di Trevi*, a *Piazza di Spagna* e, como non, o Vaticano, lugar que algún aproveitaría para confesar os actos máis impuros que lle turbaran a alma durante toda a viaxe... ou dende a primeira comunión.

O sábado chegara...volvíamos á casa. Aínda así, gozamos dunha mañá completa para invertir no que quixeramos; dende mercar agasallos ata visitar o estadio de fútbol da Roma, coa conseguinte camiñata e "paliza" de autobuses, para caérsenos a alma aos pés ante a triste visión do estadio anhelado (desaconsellamos esta última visita).

Chegamos ao aeroporto preto das tres. Ao redor das cinco, infórmanos de que o noso avión retrasarase aínda unha hora máis, pero non importa; cunha baralla e as pallasadas destes dous personaxes non hai quen se aburra.

Facemos entrada en Santiago xa de noite e, finalmente, en Vigo, preto da medianoite.

Lugares fermosísimos: increíbeis vistas dende as bóvedas, as *Piazzas*, o Vaticano, os *Duomos*,...moitos dos cales quedarán plasmados en fotografías para sempre.

Pero o que verdadeiramente fará inesquecível a viaxe non é senón a diversión que nos acompañou durante todo o traxecto: as interminábeis partidas de "tute", a confesión de Noa no Vaticano, as infinitas escadas cara o alto das bóvedas, o noso encontro con Giordano Bruno, as numerosas (e, por qué non dicilo, excelentes pola nosa parte) interpretazóns do "Avecrem" en todo lugar público que se preciara, a "amena" estancia nas Catacumbas (lugar que chegou a se-lo preferido dalgún...),... pero nada sería o mesmo senón contáramos cos dous excelentes profes que decidiron brindarnos a súa compañía durante a excursión, porque nada sería o mesmo sen a "baralla máxica" de Beni e icomo non!, o AVECREM do Indio, cuxa interpretazón aconsellamos a tódolos alumnos (e profes) que soliciten a dito persoaxe.

Porque...



Paula Hermida Lovelle


2º BACH B

## A pedra longa (A reinterpretación dunha lenda)

Corría o día martes 13 de Xullo, era pleno verán, e uns rapaces de Tebra divertíanse na piscina. Pasadas un par de horas os rapaces mudaron de roupa, mentres, a nai de Iván, tíñalle preparado aos rapaces unha enorme pizza, que ela mesma cociñara, despois de comer, e con novas enerxías, decidiron ir ata o monte en bicicleta, e así foi como continuou a tarde.

Entón Iván lembrouse dunha lenda, que trataba dunha serpe de tres cabezas, que se encontraba metida nun burato grandísimo onde unha moura a metera e a tapara cunha pedra longa, nome do lugar, os tres amigos buscaron o lugar onde se atopaba a Pedra Longa, ao fin da tarde encontrárona. Estaba pousada nun balado da montaña, era enorme, Tomás, Marcos e Iván baixaron polo balado, para ver de preto a misteriosa pedra.

De súpeto Iván encontrou un burato, máis ben pequeno por onde se vía como se estivese iluminado, por algo que estaba a arder, os tres rapaces sen pensalo dúas veces entraron polo burato, e para sorpresa encontraron unhas escadas en forma de caracol que parecían non ter fin, e para máis sorpresa unhas antorchas que alumeaban as misteriosas escadas. Os rapaces preguntáronse entre eles que, que eran aquelas escadas, a onde irían dar, Iván deu un paso adiante e baixou as escadas, sen pensalo, os seus amigos foron detrás del, os rapaces baixaron as escadas, botaron máis de dez minutos, ata chegar á sala subterránea, a cal estaba forrada de mármore branco, xusto no centro da enorme sala encontrábase o esqueleto supostamente da serpe de tres cabezas, xa que os osos eran enormes e había tres enormes cranios, entre os osos puideron ver un enorme cofre, cheo de telas de araña, eles querían ver o que había no interior do cofre, entón, retiraron os enormes e pesados osos que cubrían o tesouro, despois de retirar os osos intentaron abrir o cofre que abriu á primeira xa que a fechadura estaba enferruxada, ao abrir o cofre os osos da serpe volveron a vida, os rapaces atemorizados intentaron fuxir, a serpe de tres cabezas abriu as bocas e ...





## **A MELLOR ENTRENADORA DE BALONCESTO: *MARISOL PAÍNO***

Marisol Paíno naceu en Valladolid no mes de abril do ano 1955 e na actualidade está vivindo en Vigo. Leva 30 anos na nosa cidade e actualmente dirixe varios equipos no C.B. Seis do Nadal.

- ***Cantos anos tiña cando empezou a xogar ó baloncesto?*** Pois eu cando empezei a xogar tiña 6 anos.

- ***Cales foron os seus equipos?*** A ver, déixame pensar un pouco, imos ver: O primeiro foi o Vitoria, logo o Sedroul, máis tarde o Valladolid e por último o Celta.

- ***En que equipo se sentiu máis cómoda?*** Pois, onde vai ser senón no equipo da miña cidade natal, o Valladolid.

***Sabemos que estivo en moitos equipos e que tivo moitos éxitos: -- Podíanos dicir os máis importantes?*** Como xa sabedes con tantos equipos diferentes puiden lograr moitos éxitos pero o meu cénit foi cando estaba no Valladolid e no Celta, en total con eses dous equipos logrei: 3 Copas da Raiña e 4 Ligas.

- ***Que tal se leva co seu ex -adestrador o vigués Vicente Rodríguez " Cholas"?*** A verdade é que non o vexo moito, pero sempre me levei con el ben como se aínda fose una relación de equipo, ou sexa, xogadora -adestrador.

Agora falemos dos xogadores profesionais:

- ***Quen lle gusta máis da Liga Feminina?*** Eu diría que a xogadora do Ros Casares Valencia Amaya Valdemoro, a verdade é que xoga moi ben. É axil e forte.



- ***Quen da liga ACB lle parece mellor, ( só valen españois)?***

Pois penso que o mellor xogador de España é o base do Tau Cerámica Jose Manuel Calderón e elixín a este porque me parece que é moi intelixente xogando.

- ***Cal é o seu equipo da NBA favorito e por qué?*** Uff..., Pois o meu equipo favorito son os Lakers de California, porque son amarelos ( risas entre as miñas compañeiras).

Aí vai unha pregunta súper difícil.

- ***Que é máis complicado entrenar a rapaces maiores ou a pequenos?*** Home, hai bastante diferenza pero decántome polos maiores.

- ***Cres que os árbitros están ben preparados?*** Hai unha gran diferenza entre os árbitros que arbitran na Galega e os que arbitran en Vigo, pero en xeral moi mal.

Agora algo relativo ó seu preparamento físico:

- ***Tivo algunha lesión grave?*** Non, só que últimamente, cousa que xa me pasaba no Celta empezáronme a doer moito os xeonllos e tívenme que operar .Como entrenadora levo unha vida máis tranquila na preparación física.

- ***Cando xogaba tiña algún alcume?*** A verdade é que non recordo, pero ó mellor o meu equipo infantil do Seis xa me ten posto algún, non sei, xa llo preguntarei un día.

- ***Se alguén le esta revista que lle dirías para que sexa unha boa xogadora?*** Sobre todo que nos entrenamentos sempre dea o 100% e que logo teña moita intelixencia para xogar en diferentes lugares.

Falemos agora do seu equipo infantil , do que varias xogadoras están neste Instituto, e que despois de gañar a Liga de Vigo agora están na Galega e píntanlle as cousas moi ben para ir a Silleda. Para quen non o saiba están no 2º do ESO.

- ***Cres que iran a Silleda?*** Pois claro que si, ademais son un grupo moi traballador .Loitan moito, esfórzanse, fanme caso porque senón xa saben que eu non lle ando con bromas.

- ***É importante que se leven ben as xogadoras para que o equipo funcione?*** Pois ti que pensas?, eu digo que sí porque se xogas en equipo tes máis posibilidades de gañar. Nese equipo dá gusto porque están moi ben todas xuntas, logo quedan para saír e ata están seguido conectadas co Messenger.

- ***Que pensas que dirán de ti as xogadoras do equipo infantil?*** Non mo quero imaxinar, pode ser o peor ou todo o contrario. Pero elas saben que eu as quero moito e que se as presiono moitas veces é para que dean o mellor de sí.

Eu sei, agora que non nos oe Marisol, que todas as xogadoras - tanto alevíns coma infantís- estamos moi ledas con ela; fainos traballar pero tamén nos rimos moito con ela e protestámoslle arreo. Estamos seguido Marisol, Marisol....Tamén nos anima moito a delegada Emma, sempre nos bota un sorriso. ¡Facemos un bo equipo entre as 13!

Moitas gracias Marisol por concederme esta entrevista e agardamos que nos sigas entrenando o ano que vén.

Un saúdo a todas as xogadoras do equipo infantil: Carla, Iria, Leticia, Jessica, Aitana, María, Marta, Abi, Sandra, Guada e Antía.

***SORTE CAMPIONAS, SOMOS AS MELLORES, SILLEDA AGÁRDANOS.***

***Antía García Rivela. 2º ESO A***

## *ACTIVIDADES E EXCURSIÓNS*



Italia



Magosto



Andorra



Pontevedra



Lugo



Courel



Alemaña



Manzaneda



Tui



Sombreiros



Entroido